

*UNHA SUXERENCIA METODOLOXICO-DIDACTICA PARA A
RECOLLEITA E TRASCRICION DE TEXTOS ORAIS*

Helena Sánchez Rodríguez

No presente traballo pretende-se dar a coñecer o método que se seguiu na recolleita e transcrición deste “corpus de textos dialectais”.

Pareceu oportuno e urxente compilar este material, relativo á cultura popular da parróquia de Seteventos no concello de Saviñao, Lugo, antes de que desaparecese coas xeracións que aínda teñen a sorte de coñecé-lo.

Aquí partiu-se da recolleita dunha série de datos etnográficos, que dan a coñecer algúns aspectos da cultura desta zona. Entenda-se cultura no sentido que esta ten nas ciencias do home, significando, polo tanto, o conxunto de ideas, coñecimentos, técnicas, comportamentos, etc, que caracterizan a un grupo humano. E o que tamén se chama herdanza social, e fai-se pola convivencia directa entre as antigas e novas xeracións. Esta herdanza trasmitíase antes nas tertúlias dos xa desaparecidos fiandóns, nas reunións das cocíñas ao pé do lume da lareira, e como non, nos habituais traballos das rogas que se facían en todas as aldeas das nosas parróquias labregas e mariñeiras. En resumo, a cultura é o conxunto de coñecimentos tradicionais que pasan de avós a fillos e de avós a netos, é, finalmente, a única herdanza social que neste caso é sinónima de cultura.

Poden-se ver nos textos algúns costumes uniformes e cristalizados que se trasmitían oralmente nesta parróquia, quizais, antes da popularización dos medios de comunicación. Hai algúns aspectos de folclore, de lingua popular no

relativo a provérbios e a ditos sentenciosos, e hai tamén neste “corpus de textos” testemuños léxicos, rasgos fonéticos, fonolóxicos e sintácticos que non se analizan por non ser esta a finalidade que se pretendía no traballo; non obstante, todos estes rasgos son distintivos da cultura rural desta zona do interior do noso País, cultura demótica ou popular que antes de ser recollida estaba isolada e era pre-letrada.

Metodoloxía

A idea de recoller textos orais veu suxerida por unha indicación de Diego Catalán (1).

Os textos aquí trascritos foron recolleitos en encuestas directas feitas in situ, gravando todo o material en cintas magnetofónicas, única maneira de ser o máis fiel posíbel ás transcricións.

Aquí segue-se un sistema, que sen sair totalmente da ortografía corrente, presta a máxima atención aos aspectos fonéticos (só abertas ou fechadas).

As entrevistas ou enquisas poden facer-se a unha persoa ou a varias, de ser posíbel son preferíbeis varias, xa que entre moitos sempre saen máis cousas, ou polo menos máis completas.

Finalmente, imos expor as direccións mínimas que deben ter en conta os interesados neste tipo de investigacións de campo, para que atinxan un certo grado de cientificidade na súa conclusión.

O *investigador* ou a persoa que fai a enquisa debe:

1. Facer unha pequena descrición xeográfica da zona da que se realiza o estudo.
2. Analizar profundamente os temas dos que vai facer as entrevistas, realizando un esquema con aquelas preguntas que parezan máis adecuadas e formulando estas do mellor modo posíbel para conseguir o mellor resultado.
3. As preguntas deberán facer-se indirectamente aos entrevistados.
4. Deberá coñecer ben a zona na que vai realizar a investigación.
5. E preciso que teña unha certa afición a este tipo de estudos.
6. Será moi útil ter unha certa simpatía, para gañar a confianza dos informantes.
7. E importante buscar o momento máis propicio para as entrevistas e facé-las in loco con magnetófono.
8. Ter bon ouvido, é fundamental para estes traballos.
9. Deberá pasar literalmente o contido das cintas ao papel. Contar só co que se ten e non facer nengun tipo de modificacións. Vexa-se o método aquí seguido, para el serviu-nos de orientación un traballo de A. Santamarina (2).
10. As *addendas* serán da responsabilidade directa do autor do traballo, ben porque coñece os datos por ser da zona onde se realiza a enquisa, ben por coñecé-las directamente por informantes dese lugar.

Canto á elección dos *informantes*, aquí tivo-se en conta o seguinte:

1. A idade. Canto máis vellos mellor, pois hai máis pureza canto á conservación de particularidades lingüísticas e tamén a hai no relativo a aspectos populares.

2. Especialización, con relación ao saber popular do entrevistado. Aquí non caben os especialistas formados en libros ou en escolas especiais.

3. Locuacidade espontánea e boa memoria, pois ambas as dúas favorecen a entrevista en todos os aspectos.

4. O informante debe ser fiel representante da zona, non debe ter influencias foráneas, ben por viaxes, por servizo militar, por casamento con alguén de fóra, etc.

5. Pouca instrución. Son preferíbeis as persoas analfabetas ou case analfabetas, xa que non están baixo a influencia da escrita.

Rasgos xerais na transcripción de textos

Fonética

Apóstrofo

E un sinal gráfico ('), que designa a elisión dunha ou máis vogais nunha palabra. Emprega-se para indicar a supresión dunha vogal final; ou, pode estar no lugar dun artigo, dun pronome ou dunha conxunción cando a palabra seguinte comeza por vogal.

Vocalismo

Fonética do a

Nos textos do presente traballo marca-se o *a* con abertura (ã) nalgúñas palabras para destacar que na fala este *a* está, nitidamente, nun punto próximo ao da contracción da preposición *a* máis o artigo feminino. Dá-se nos seguintes casos:

a) Cando vai precedido da conxunción copulativa *i*, que por veces na fala desta zona ocupa o lugar da conxunción copulativa *e*.

...i ã pluma...;...i abre...;...i alá...etc.

b) Outras veces hai palabras que perden o *a* final diante de palabras que comezan pola vogal *a*, entón como consecuencia desta crase abre-se este segundo *a*.

...por' aldeia...;...tiñ' a...;...entr' a...etc.

c) Cando se perde a preposición *a* ou o artigo feminino, diante de palabras que empezan por *a*,

...' agillada...;...' arada...;...' acabalo...etc.

Fonética de e e do o

Tamén se marcan con abertura estas vogais (ê,ô), xeralmente cando son tónicas.

A ausencia de marca indica fechazón nas demais palabras.

...tamén...;...marelo...;...nqbas...;...podes...etc.

Átonas en xeral

As vogais átonas non teñen a resistencia ou firmeza das tónicas, por iso o seu timbre vacila con máis facilidade. De todos xeitos, as palabras derivadas son fieis ao vocalismo aberto ou fechado das palabras simples.

A

a) Este *a* perde-se amiúde diante de palabras que empezan por vogal, facendo-as abrir en consecuencia.

‘(a)...’ *agillada*...etc.

‘(e)...’ *estas tamén*...etc.

‘(o)...’ *for’ o resultado*...;...*chegab’ o fondo*...etc.

‘(u)...’ *q̄nha*...;...*comq̄nha*...etc.

b) Por veces pode pasar a *e* aberto.

...*ond’ e min*...etc.

E

a) E habitual que se perda o *e* final diante de vogal.

‘(a)...d’ *antes*...;...*qu’ anda*...;...*non ch’ a de*...etc.

‘(e)...*primeirament’ é*...;...*qu’ estou*...;...*sig’ esí*...etc.

‘(o)...*contoull’o*...;...*éch’o*... etc.

‘(i)...d’ *imberno*...;...*sácám’ iste*...;...*dond’ irán*...etc.

‘(u)...*mándach’ un*...;...*traioch’ unha*...;...*saliull’ un*...etc.

b) A conxunción copulativa *e* tamén pasa a *i* moitas veces,

...*i eu*...;...*i a pluma*...;...*i abre*...etc.

c) Por veces a conxunción copulativa *e* funde-se coa vogal que lle segue, abrindo-a de paso.

...’ *esperaron*...etc.

d) Pode, ás veces, perder-se o *e* inicial de palabra, cando vai precedido de palabra que remata en *a*.

...*pra ’ngordar*...;...*pra ’star*...etc.

O

a) Perde-se a miúdo ante palabras que comezan por *o*.

...*fill’ o lado*...;...*teñ’ outra*...etc.

b) Tamén se perde ante palabras que empezan por *u*.

...*feit’ un*...;...*fag’ un*...etc.

Ditongos

EU

Normalmente este ditongo é fechado: meus, seu, su, rompeu, etc. Tamén é fechado cando vai precedido de *i* que pode por veces ocupar o lugar da conxunción *e*.

...i eu...etc.

a) Pero nalgũa palabra desta zona é aberto:

...chapeu...;...Mateu...;...ceu...etc.

EI

Tamén é fechado, mesmo cando vai precedido da conxunción *i*, que vai en lugar da conxunción copulativa *e*.

...eiquí...;...i eiquí...etc.

OU

Este ditongo é sempre fechado.

...bou...;...pasou...etc.

Consonantismo

As consoantes normalmente manteñen-se todas, pero nestes textos trascreben-se algunhas do seguinte xeito:

a) /b/ e /v/ > /b/

...traballar...;...Belén...;...biba...;...qbo...etc.

b) Escríbe-se /g/, diante de calquer vogal.

...fago...;...angila...;...gelfo...;...sige...etc.

c) O hache ou agá non se trascrebe nos textos.

...qbo...;...qme...;...ei...etc.

d) Tráscríbe-se *j*, cando foneticamente este son represente ao fonema castelán /x/ velar fricativo xordo.

...jefe...;...Virjen...;...Jesús...etc.

e) Levan a seguinte marca palabras que na fala se pronúncian sen pausa, ou como se fosen unha soa palabra.

...por a...;...por o...;...por eí...;...non o...etc.

Textos

— Aber, Sr. S. cánteme esas cancións das que vostede é o jefe.

S— Bai salir mal qu' estou afónico.

A) I apunten señores en papel marelo que morreu a boca do Manuel do Gelfo, ai si, do Manuel do Gelfo.

- B) I o Manuel do Gelfo choraba por ela i adiós miña baca, miña baca be-lla, ai si, miña baca be-lla, ai si, miña baca be-lla.
- C) I a baca de morta regañaba os dentes, i adiós meus sobriños, todos meus parentes, ai si, todos meus parentes, ai si, todos meus parentes.
- D) I a baca de morta requichaba o rabo, i adiós meus sobriños, todos meus cuñados, ai si, todos meus cuñados, ai si, todos meus cuñados.
- E) Adiós miña baca, miña compañeira, quøn m'a de lebar o abono á leira, asi si, o abono á leira, ai si, o abono á leira.
- F) I o abono á leira non ch'a de faltar, tēs dous xatos nõbos bainos amansar, ai si bainos amansar, ai si, bainos amansar.
- G) Adiós miña baca, miña camarada, quøn m'a de facer tod' a miñ' arada, ai si, tod' a miñ' arada, ai si, tod' a miñ' arada.
- H) Tod' a tu' arada non ch' a de faltar, tēs dúas xatas nõbas bainas amansar, ai si, bainas amansar, ai si, bainas amansar.
- I) I o Manuel do Gelfo que reprenda o rizo qu' anda por a calle, parez' un carrizo, ai si, parez' un carrizo, ai si, parez' un carrizo.
- L) I o Manuel do Gelfo que reprenda o Galo qu' anda por a calle feito un ceringallo, ai si, feit' un ceringallo, ai si, feit' un ceringallo.

– ¿Qué é o rizo?.

S– Primerament' é ' arada; pr' arad' as xatas nõbas, e pró abono os xatos nõbos.

– ¿Qu' é o rizo?.

S– É un fillo...

Suxeito Encuestado:
S.P.G. (83 anos)
Profesión: Labrego
Estudos: Analfabeto.

Addenda

M) Adios miña baca, miña baca be-lla, quøn a de dormir comigo na cama, ai si, comigo na cama, ai si, comigo na cama.

N) Contigo na cama non ch'a de faltar porque quøn tu eres lqo as de buscar, ai si, lqo as de buscar, ai si, lqo as de buscar.

– Xa está posto, empece cando queira os reis que me dixo antes.

E– se no nos diches nada:

A) Cantámoschos reises, gedellos de lobo, cantámoschos reises no nos dich' o lobo.

Saliu o Rodiz, co seu fill' ó lado con dúas escopetas e ban ' açabalo.

A):

ALLEGRO

IA PUN-TEN SE ÑO-RES EN PA-PEL MA RE-LO QUE
 MO RREU A VA-CA DO MA-NUEL DO GUEL-FO AI
 SI DO MA NUEL DO GUEL-FO AI SI DO MA NUEL DO GUEL-FO IO
 PARA REMATAR

= (B, C, D, E, F, G, H, I, M, N)

- È ban a Carreixas, dond' irán cazar, antes de las doce a Belén llegar.
- C) Saliu o P..., co seu pau de fèrro, escapai rapaces que bos leb' o dèmo.
 È se sig' èsí ai que o denunciar, antes de las doce a Belén llegar.
- D) Saliu o E..., como è tan papillas, eu bendo de todo asta bendo as fi-
 llas.
 È beu o C..., quèrollas comprar, antes de las doce a Belén llegar.
- E) Saliu o B..., como è tan chispillas, ca escopet' ó lombo matando as ga-
 liñas.
 È se sig' èsí ai que o denunciar, antes de las doce a Belén llegar.
- F) Cantámoschos reises, gedellos de cabra, cantámoschos reises no nos di-
 che nada polo.
 Cantámoschos veises, quedellos de lobo, cantámoschos reises no nos di-
 ches polo.
- B) È tèn è tèn è tèn, è tèn un tuturulú,
 caiu por a escaleira è saliull' un cornucho no cu.
 È se sig' èsí ai que a denunciar, antes de las doce a Belén llegar.
- B) È tèn è tèn è tèn, è tèn a cara bordada,
 que lla la bordaron as pegas cando andaba cas obellas
 È se sig' èsí ai que o denunciar, antes de las doce a Belén llegar.

ALLEGRO A):

CAN TA MOS CHOS REI SES QUE DE LLOS DE LO-BO CAN TA MOS CHOS
 REI SES NO NOS DI CHO LO BO SA LITU O RO DIZ CO SEU FI LLO
 LA DO CON DUAS ES CO PE TAS E VAN A CA-BA-LO E VAN A CA
 RREI XAS DON DI RAN CA ZAR AN TES DE LAS DO CE A
 BE LEN LLE GAR TEN E TEN E TEN E TEN E
 TEN UN TU TU RU LU CA IU PO-RAES CA PARA VEMATAE
 LEI RA E SA LITU LLUN COR MU CHO MO CU E CU

Suxeita Encuestada:
 E.S.D. (75 anos)
 Profesión: Labrega.
 Estudos: Primeiras Letras.

– Sra. C. E aquelas cancións..., ¿non sabe?, cantigas das d' antes.

C– Ai, cantigas acórdome de moitas...

a) Moreniña, moreniña, manda traballar ó ome. Moreniña, moreniña,
 se non o tes non o comes.

b) Quéroche ben, quiridiña, quéroche que non ai duda. Quero que nos enterremos as dúas na sepultura.

c) O ir pola rúa abaixo, sempre cun chepau na mao, non topei quen me dixese tápame meu curazao.

C— Mira, ist' é un baile que se facía esí no tempo da malla, nos bailes é..., mira, facías' esí:

Carballeza tesa tesa,
no me rómpalos zapatos,
que che son de cordobán,
e costáronchemos cartos.
Carballeza tesa tesa,
no me rómpalo corsé,
que che traio a catro ballenas,
e fíxochemas o Pepité.

Suxeita Encuestada:
C.C.D. (82 anos)
Profesión: Labrega
Estudos: Analfabeta.

— Aber, é que me dixeron que sabía moitos ditos dos d' antes.

G— Ui, ¡ahora, miña filla!...

Boas noites Maruxiña, que cansadiño che beño. Dáme un tallo pra sentarme porque de pé non me teño.

E que milagro, Peruxo, bir oxe tan sofocado, ben sei que traes de nobo por eí algún milagro.

Pois, traioch' unha noticia que aora che bou contar: beño saber se me queres porque me quero casar.

Entonces díxoll' ela: pois, se tu te queres casar eu xa ch' estou reneando, porque aora no imberno non para un demo co frío, sempre cando bou prá cama teño qu' ir soprando as uñas...

(Inda che teñ' outra máis bonita, é unha que lle discurriran...).

...beño saber se me queres, porque me quero casar.

Pois, se tu te queres casar, eu xa ch' estou rabiando, porqu' aora d' imberno non para un demo co frío, sempre cando bou prá cama teño que ir soprando as uñas.

Pois, pra quitar ise frío, contestoull' o Peruxiño, pois pra quitar ise frío ai que buscar un remedio; esta noite, Maruxiña, é millor que nos xuntemos.

Eu xuntar ben me xuntaba se non for' o resultado, pero se me fas un neno despois teño que crialo.

Non teñas medo, Maruxa, que se che fag' un neno ei traballar canto poida pra gañar con que mantelo.

Non me beñas con ises contos nin con ises imbentos, porqu' entonces non te quero.

Pero s' é que nos xuntamos ban falar por' aldea, ban decir pol' aldea que lebamos mala vida.

Non teñas medo, que se falan pol' aldea decimos que nos casamos por detrás da ramalleira.

Despois díxolle ela: mira, se me bęs con ises imbentos xa te podes marchar, porque se me bęs con ises contos entonces xa non te quero.

Enfadad' o Peruxiño trataron o casamento. Botaron as municións e casouse moi contento.

Alá na primeira noite que durmiu con Maruxiña, xa ll' empezou a decir que lle doi' a barriga.

O Peruxiño asustado, dun brinco foi á cocina.

Lebántese, miña sogra, que teño a muller parida; non sei quen é o pai, beña ber se conoz' á cría.

O pai ech' o señor cura, díxoll' o demo da bella; pero tu podes estar contento, pero tu non digas nada que nos deñ moitas cadeñas. Deunos catro mil ras pra comprar unhes becerros.

Ésı é, meu Peruxiño, tu podes estar contento.

Pois, eu bęn contento estou, que biba il moitos anos que me quitou dun apuro i aforroume un traballo.

— ¿Sabe algún máis?.

C— E o de Xan Gindán.

O Xan Gindán quería casar e non tiñ' a muller buscada. Foille facer o amor á filla da tía Xuana; ' entonces díxolle:

Boas noites tía Xuana, ¿aonde lle bai a rapaza?.

Baime por o gas prá noite; xa me parece que tarda.

Pois, tía Xuana, eu b'ñalle facer o amor á súa rapaza.

Acabando estas palabras entr' a nena pola porta.

Boas noites Xan Gindán, traiote no pensamento.

Se tu o dices de risas tamén cho eu digo de bęras, que xa ch' ai un bon pedazo qu' estou queñtando as canelas.

Pois, se tu o dices de bęras tamén ch' eu teño, téñoch' unha cabra que me trouxo cinco cabritos, en cant' unhes che maman, os outros ándanch' a brincos.

Tamén ch' eu teño unha pita que che me pon moitos güebos, esto díxollo il, pra che facer as torradas o día que nos casemos...

C— Aora si que no m' acõrdo...

Suxeita Encuestada:

C.F.A. (78 anos)

Profesión: Labrega

Estudos: Analfabeta

— Sr. L, e contos, como por exemplo o de Xan Gindan ou...

L— Contos de labores do campo, son historias que pasaron. Son cousas...

Aló cando eu era mozo, tiña doce anos cumpridos, fun ber unha nena guapa, filla de Xan dos despidos. Entrei, dei as boas noites, saliu o can moi apurado, raxoume un calzón d' estrena e mas tiroume deitado.

Saliu a beña da casa: éche bon milagro, qme, iste can éche escollido, carne mala non cha come.

Como o can ladraba tanto, salen todos os beciños con colmeiros, paus e fouces, i as mulleres con fouciños.

I eu q sentir tal barullo deixei as zocas chineñas, e pra que no me pillasen deille ben sebo ás canelas.

Miña nai q entrar na casa fíxom' unhas boas sopas, cantoume cuarenta en bastos e máis dispois bint' en copas; i q meu pai qu' estaba cerca pra me quentar ben as moças deume sete bofetadas encima.

Suxeito Encuestado:

L.G... (69 anos)

Profesión: Labrego

Estudos: (...) ?

— P e M, aber se bos recordades dalgunhas daquelas adibiñanzas que nos contabades de pequenos. Boubos decir eu unha, pra que bos diades conta:

E grande comonha lousa e non cabe nunha chousa. A lúa.

— M

a) Alto me bexo no meu caparexo, ladrós bexo bir e non podo fuxir. Eso é..., i abre co sol e ben o aire e lébao e non lle pod' escapar. Abr' a piña e solta o piño e despois escapa o piño co aire.

b) ¿Que será unha cousiña cousa?, nace no monte, bebe na fonte, e cheg' á casa e baila comonha rapaza. E o fuso.

— ¿E porque bebe na fonte?.

M— Porque se molla cos labios, ten unha qasca...

— P

c) Terra branca, semente negra, cinco bois tirando por a chabella.

Pq, a terra branca é o papel, a semente negra é a tinta, i a pluma é a chabella, e os bois son os dedos.

d) Dous peludos, un pelado, unha angila i on escarrancado.

Que son os dous bois, o arado i ' agillada, i q escarrancado qu' é o qme que bai arando.

Suxeitos Encuestados:

M. e P. (72 e 67 anos).

Profesión: Labregos.

Estudos: Primeiras Letras.

– ¿Como era o conto do unto que biron no río os portugueses?.

M– Ai, ise...

Ibanse prá terra diles e pasaba un puente e pasaba un río, e biron abaixo unha cousa redonda, e pensaron qu' era un unto; e dixeron unhos ós outros: ¿Como non lebamos aquí unto prá nosa terra?. ¿E como bamos facer?.

Pos, bamos facer un garmallal, eu agárrom' á ponte, tu agárrast' os meus pés, i outro ó outro, i outro ós pés do outro; e así un garmallal asta chegar ó fondo.

E cando chegab' ó fondo dixo: ¡ai cospañeiros!, eu xa chego cos pés á iauga, dixo.

Pos, sostén un pouco que bou cospañar as maos, d'ícoll' o de riba.

E pas, caíron todos ó río.

Suxeito Encuestado:

M.L.R. (73 anos)

Profesión: Labrego

Estudos: Primeiras Letras.

– ¿E como se daban os buenos días e as boas noites?.

M– Buënos días, ¿como descansache?.

Ben, ¿e ti?.

– Ben, gracias a Dios.

Nos alegramos.

– Igualmente.

b) Boas noites, descansar ben.

Ale, asta mañá se Dios que.

– E oraciós d' antes. ¿Que se decía cando tronaba?.

M– Ui, ¡bálgame Dios!, cando tronaba decíanse moitas cousas..., pró trono barias:

a) Santa Bárbara bendita, en el Cielo estás escrita, guarda bino e guarda pan e guarda fruto del mar.

M– E tamén abía... decíase tamén o responso do San Pantaleón:

b) Nombre del Padre, del Ijo, del Espíritu Santo.

Glorioso San Pantaleón, se bestiu se calzou, por o mundo camifou, con Jêsucristo encontrou.

¿Donde bas San Pantaleón?

Al Cielo rebiré.

Bólbete a tu casa que allí te darán un don. En la casa que fuéras nombrado tres beces non cairá raio nin centella, nin muller morrerá de mal parto, nin neno nin nena será pagano, nin zorro nin zorra comerá pita nin galo.

Cuatro casas tiñe el Santo, cuatro Santos le acompañan: un señor San Lucas, un señor San Mateu i outra nuesta señora del Cço.

– ¿E bostede non saberá o do Padre Nuestro Pequeniño?.

M– Deciamos, ¡ę loęo!, nõ, cousas desas abía o deęmo delas, no me leb' o deęmo, un carro delas...

c) Padre nuestro pequeniño, lębame por bon camiño.

Alá fun i alá chegei, tres Marías encontrei, preguntando por Jesús.

Jesús está na Cruz, cos pęínos a sangrar.

Chamei por a Madalena, que llos biñera limpar.

I o que sabę non o dice, i o que ęe non o adepreęde.

Un día del Santo Juicio, xa sabrás o que che combęn.

Suxeita Encuestada:

M.L.R. (8...anos)

Profesión: Labrega

Estudios: Primeiras Letras.

– E aquilo que se decía pra que parase de chober; era algo esí como escampa, escampa...

D– Aber se me bęn á cabeciña, filla...

d) Escampa, escampa, cadęliña manca.

¿Quęn te mancou?

O Pepe da Serra.

¿Con que che deęu?

Cunha caña de millo.

¿Pra qu' ę o millo?.

Pra lle dar ás pitas.

¿Pra que son as pitas?

Pra poñer os ębos.

¿Pra que son os ębos?

Pra comer a tortilla.

¿Pra que ę a tortilla?

Pra 'ngordar.

¿Pra qu' ę engordar?.

Pra 'star guapo.

– (Vexan-se a continuación outras duas versións da mesma, a primeira na boca dunha muller de 75 anos e a segunda na boca doutra que pasa dos oitenta):

P–

Escampa, escampa,

cadęliña manca,

rompeu o pęo.

¿Pra que son as pitas?

Pra poñer os ębos.

¿Pra que son os ębos?

¿Pra qu' é o pçlo?
 Pra cocer o pan
 ¿Pra qu' é o pan?
 Pra lle dar ó can.
 ¿Pra qu' é o can?
 Pra tornar o zorro.
 ¿Pra que é o zorro?
 Pra comer as pitas.

Pra lle dar ó crego.
 ¿Pra qu' é o crego?
 Pra decir a misa
 ¿Pra que é a misa?
 Pr' alabar a Dios i a M^a Santísima.

A—

Chucurruchú, ¿pr' onde bas bęlla?
 Chucurruchú, pra Pontebędra.
 Chucurruchú, ¿que bas buscar?
 Chucurruchú, unha arrqba de sal.
 Chucurruchú, ¿pra que quęrelo sal?
 Chucurruchú, pra dar ás pitas.
 Chucurruchú, ¿pra que quęres as pitas?
 Chucurruchú, pra pońer os qbos.
 Chucurruchú, ¿pra que quęres os qbos?
 Chucurruchú, pra lle dar ó crego.
 Chucurruchú, ¿pra que quęrelo crego?
 Chucurruchú, pra que cante o quirialeisón i o credo.

— (ADDENDA). Esta ouve-se a xente que ten menos de 40 anos:

Escampa, escampa,	Pa lle dar ó can
cadelińa manca,	¿Pa qu' é o can?
Mentres bou a Salamanca,	Pa cazar a lebre
¿Quęn a mancou?	¿Pa qu' é a lebre?
O pau que crebou	Pa lle dar ó cura
¿Pra qu' é o pau?	¿Pa qu' é o cura?
Pa tizar ó lume	Pa decir a misa
¿Pa qu' é o lume?	¿Pa qu' é a misa?
Pa cocer o pan	Pa lebar ó Cęu i alabar a Dios
¿Pa qu' é o pan?	i a María Santísima.

— (ADDENDA). A continuación están outras tres oracións, a primeira dise cando se entra no Campo Santo; a segunda dise cando se mete un lixo nun ollo, mentres se move a pálpebra dise-lle a Santa Lucia, e a terceira dise antes de dormir:

e) Buęnos días, ijos de Dios,
 que bęs fostes coma nős.
 Rogai a Dios por nős,
 que nős rogaremos por bęs.

f) Curre, curre, cabaleiro,
sácam' iste argeiro ou (luxeiro).
Aí che b_én a Santa Lucía,
que cho saca máis aixiña.

g) Con Dios me deito,
con Dios me lebanto,
ca Virjen M^a e co Espírito Santo, ou (ca Virjen M^a e todos os Santos).

NOTAS

(1) Diego Catalán, *Lingüística Ibero-románica*, Gredos, Barcelona, 1974, pp. 206-269.

(2) Antón Santamarina, "Textos e noticias da fala de Negueira, Lugo", *Verba*, 2 (1975), pp. 307-323.